

25N

DÍA INTERNACIONAL PARA LA
ELIMINACIÓN DE LA VIOLENCIA CONTRA
LAS MUJERES

Mujeres libres de violencia

COMUNIDADES
CHEAS DE VIDA

MANIFESTO

25 DE NOVIEMBRE DE 2025

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Hoxe, como Igrexa que camiña xunto ás persoas máis vulnerables, **alzamos a voz** coa forza do Evanxeo e coa esperanza de quen cre nun mundo de xustiza, amor e paz.

Soñamos e traballamos por un mundo no que **cada muller poida vivir sen medo, sen silencio, sen violencia.**

Un mundo no que a liberdade, o respecto e a dignidade sexan expresión viva do amor de Deus e do seu soño para toda a humanidade.

Porque unha muller libre de violencia non só recupera a súa voz: **acende a vida na súa familia, na súa comunidade e na Igrexa.** Cada paso cara á súa liberdade é tamén un paso cara á xustiza, á saúde, á educación e á esperanza.

Rexeitamos toda forma de violencia —física, psicolóxica, sexual, económica ou simbólica— que fere a imaxe de Deus en cada muller e rompe a comunión entre os fillos e fillas do mesmo Pai.

Esiximos compromiso e conversión:

Que as institucións protexan, que a sociedade acompañe e que os homes sexan tamén artesáns desta transformación, desde a corresponsabilidade, o respecto e a tenrura.

A igualdade non é só unha meta social: **é un sinal do Reino, unha tarefa urxente e compartida.**

Cremos na forza da comunidade cristiá que **abraza, escoita, acolle e sana**. Cremos no poder do coidado mutuo, na palabra que libera, na organización que transforma, na fe que impulsa a amar máis e mellor.

Cremos nas mulleres que non se renden, que sementan vida onde antes houbo dor, que encarnan a esperanza do Evanxeo.

Porque cando as mulleres viven sen violencia, **as comunidades florecen e o Reino faise visible entre nós.**

Porque cando se erradica o medo, **renace a alegría.**

Hoxe afirmamos, con esperanza e determinación:

MULLERES LIBRES DA VIOLENCIA, COMUNIDADES CHEAS DE VIDA.

Que cada parroquia, cada escola, cada fogar e cada corazón sexan territorios de **respeto, igualdade e paz**, onde o amor de Deus se faga próximo e a dignidade de toda persoa sexa defendida como sagrada.